

## **Informe PAT 2022-2023**

M.U. en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural

Como xa ven sendo habitual, durante a primeira aula on line da materia Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos (da que son o coordinador), informouse ós alumnos do Plan de Acción Titorial da Facultade de Historia.

Nesta xornada, o titor solicitoulles que cumprimentasen o Anexo 2 do PAT. Neste curso recibíronse un total de 9 estudantes (Patricia Hervés, Tania Carreira, Olalla Alonso, Noelia Arenas, Sylvain Badie, Cristina Cantero, Lucía López, María Núñez e Mariedilia del Carmen Schwarzenberg).

Se lles informou tamén da posibilidade de enviar unha “Queixa, Suxestión ou Parabén” (QSP) a través da páxina web da Facultade de Historia.

Por último, nesa reunión informativa se lles transmitiu que antes da finalización do 1º cuatrimestre se realizaría unha titoría grupal.

### **Titoría Grupal (21/12/2022)**

A Titoría celebrouse nunha aula remota do mestrado ás 16 horas do día 21 de decembro de 2022. Participaron 10 estudantes, o titor e o coordinador do mestrado. A presenza do coordinador do mestrado nesta reunión foi solicitada polo titor xa que días antes os estudantes cursaron unha queixa formal que foi tratada nunha CAM precedente.

1º. O coordinador informou ós estudantes do que se falou na CAM referente ó seu escrito.

2º Os estudantes expuxeron a continuación a súa queixa centrada no que eles/elas consideraban unha excesiva carga de traballo exixida nalgunha materias do primeiro cuatrimestre do mestrado.

3º O coordinador informa que na CAM se falou de ampliar os prazos de entrega ata final do cuatrimestre. Tamén se informa ó alumnado de que existe unha matrícula a tempo parcial para aqueles/las que non podan dedicarlle o tempo suficiente ó mestrado.

Os estudantes insisten que a solución é rebaxar actividades e entregables.

Finalmente se chega a un acordo para redactar unha petición formal solicitando unha redución dos entregables de determinadas materias. Este escrito foi enviado días despois ó coordinador quen a trasladou á CAM (*véxase escrito ó final deste informe*).

Ademais de trata este tema en concreto, os estudantes:

- Sinalaron que algunhas materiais presentan un elevado grao de especialización técnica.
- Que faltaban algunhas clases gravadas (solucionouse de inmediato).
- Que a aula remota funcionaba moi ben e que non daba problemas durante as clases.
- Que o profesorado, en liñas xerais, contestaba rapidamente ós correos dos estudantes.

### **Consulta grupal segundo cuatrimestre**

Na segunda metade do curso, os estudantes volveron a cursar queixas sobre o devir do mestrado. Estas queixas chegaron directamente ó coordinador ou o titor. Unha delas foi cursar unha solicitude á coordinación de ampliación de prazo para a “**entrega da solicitude de titoración do TFM**” que foi finalmente prorrogada ata o día 8 de febreiro. Ademais desta solicitude, as queixas neste período foron en dúas direccións principais:

- Prácticas: os estudantes queixáronse de que tiveron problemas porque a UVigo non tiña algúns convenios renovados e isto fixo que algúns estudantes tiveran que comezar o seu período de prácticas máis tarde. Tamén houbo casos concretos nos que tiveron que participar na solución dos problemas os servizos centrais da UVigo ou a propia Facultade.
- TFM: os estudantes queixáronse do cambio de normativa de TFM e que se avisase só catro días antes de ter que presentalo.

En referencia a esta queixa, sinalar que o e-mail ó alumnado se enviou o día 29 de agosto, sendo a data límite de entrega o día 5 de setembro (5 días hábiles -7 días naturais). Perante as dúbidas do alumnado o coordinador tivo que aclarar varias cuestións vía mail:

Ámbolos casos (Prácticas e TFM) son aspectos que emanan dos servizos centrais da propia universidade e que afectan directamente ó mestrado sen que a CAM teña responsabilidade directa neles. Porén, a normativa de TFM aprobouse nunha CAM a finais de xullo sen informar ó alumnado ata finais de agosto (un mes despois) o que xerou un problema que puido ser evitado facilmente.

En todos os casos, a coordinación e os profesores responsables de TFM e Prácticas atenderon as queixas e intentaron solucionar os problemas xurdidos sempre dende as súas posibilidades.

E para que así conste ós efectos oportunos asíno este Informe,

En Ourense, a 10 de decembro de 2023



## **Ourense, 22 de Decembro de 2022**

Durante a reunión mantida o pasado día 21 de Decembro entre a Coordinación, o PAT e alumnas e alumnos do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural da Universidade de Vigo, curso académico 2022-23 tratouse con maior detalle a problemática referente á carga de traballo exposta nun comunicado a día 30 de Novembro.

As alumnas e alumnos manifestaron que a maior problemática vendada polas materias pertencentes ao Módulo II: Documentación e representación do Patrimonio Cultural. Estas materias supoñen unha enorme carga de traballo, tanto pola necesidade de manexo de softwares e conceptos moi específicos como pola cantidade de entregables solicitados para as probas de avaliación.

Por este motivo, as alumnas e alumnos plantexamos como solución a posibilidade de que as e os docentes de estas materias reducisen á metade os entregables solicitados, xa que iso facilitaría e melloraría a nosa situación e favorecería a que a realización dos traballos solicitados sexan realmente satisfactoria e integra.

Entendemos, que a solución que plantexamos non é de obrigado cumprimento, máis pedimos comprensión ante a enorme dificultade que nos está supondo ao conxunto das alumnas e alumnos a realización destas tarefas.

Sen máis, quedamos á disposición da Coordinación e do resto de órganos competentes co fin de acadar unha solución o máis favorable posible para todas e todos.



Para facer constar o anteriormente detallado, facilitamos os nosos datos persoais.

Un saúdo cordial das alumnas e alumnos do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

1. PazÁlvarez\*\*\*\*\*72G
2. NoeliaArenas\*\*\*\*\*63R
3. JanireAndújar\*\*\*\*\*53R
4. SylvainBadie15\*\*\*\*\*27
5. MaríaBarreiro\*\*\*\*\*71D
6. TaniaCarreira\*\*\*\*\*60T
7. CarlosGarcia\*\*\*\*\*82B
8. YadhiraGarcia\*\*\*\*\*710S
9. PatriciaHerves.\*\*\*\*\*55A 10.Rebeca Martínez \*\*\*\*\*44Y
- 11.Xeila Moure \*\*\*\*\*97J
- 12.María Núñez \*\*\*\*\*63J
- 13.Gerardo Pacios \*\*\*\*\*46P
- 14.Andrés Pardo \*\*\*\*\*23V
- 15.María Portela \*\*\*\*\*89J
- 16.Claudia Savariz \*\*\*\*\*45C
- 17.Mariedilia Schwarzenberg Y2\*\*\*\*52H
- 18.Miguel Teixeira \*\*\*\*\*71S
- 19.Eva Rodríguez \*\*\*\*\*09T